

- 31 de decembro na Península Ibérica. Preparados para tomar as uvas ás **12:00 da noite**, como marca o costume. Pero cando dá a última campá o reloxo, nas Illas Canarias son as.....
- **5 da tarde** na Coruña. Imos chamar polo móbil a un amigo que temos na República Dominicana. Para non meter a pata, que hora será alí nese momento?
- Forofos dos Xogos Olímpicos. Non queremos perdernos a cerimonia inaugural, que terá lugar en Tokyo ás **9:00 da mañá**. Que hora será en España se queremos velo en directo pola tele?
- Acaban de dar as **10:00 da noite** en Bolivia. Que hora será en A Coruña?
- Se en Rabat (capital de Marrocos) son as **11:00 da mañá**, que hora será na nosa cidade?
- A selección de fútbol española vai xogar un amistoso coa selección de Honduras o domingo ás **6:00 da tarde** hora local. Que hora será na Península?
- Gala dos Premios Óscar en Los Ángeles (EE.UU) programada ás **7:00 da tarde** (hora local en California). Hora equivalente en España?
- Inauguración da ampliación do Canal de Panamá ás **13:00 da mañá**. Que hora será en España?
- Videoconferencia do meu tío que traballa nas Filipinas nunha ONG ás **2 da tarde** (hora local). A que hora estarei eu en España falando con el?
- Vou chatear co miña nai que está en Colombia. Se sae do traballo na súa empresa en Bogotá ás 7 da tarde, que hora será en España?
- Se me tocara a Primitiva e fixera unha viaxe dende España ata o extremo asiático de Rusia, cantas franxas ou fusos horarios atravesaría en total?